5. ÓRGANOS DE RESOLUCIÓN E PRAZO DE NOTIFICACIÓN.

A Resolución do expediente, previa emisión dos informes que procedan polos SERVIZOS SOCIAIS e INTERVENCIÓN, competerá á ALCALDÍA.

O prazo para resolver será dun mes dende a presentación da solicitude no rexistro xeral do Concello.

Transcorrido o devandito prazo sen que se ditase Resolución expresa, poderá entenderse desestimada a concesión da axuda ou subvención.

6. PUBLICIDADE E COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS.

A convocatoria destas axudas publicarase no Boletín Oficial da Provincia, na sede electrónica do Concello e na Base de Datos Nacional de Subvencións e farase por Decreto da Alcaldía.

A axuda contemplada nas presentes bases será compatible con calquera outra axuda que teña por obxecto as finalidades indicadas.

7.- XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

O pagamento destas axudas realizarase mediante transferencia bancaria, tra-la súa xustificación por medio da presentación da documentación prevista no apartado 4.3 das presentes bases reguladoras.

Folgoso do Courel, 13 de outubro de 2026.- A alcaldesa-presidenta, Dolores Castro Ochoa.

R. 2804

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNSN (BDNS) – MONFORTE DE LEMOS

Anuncio

CONVOCATORIA DE CONCESIÓN DE BOLSAS A DEPORTISTAS INDIVIDUALES DEL AYUNTAMIENTO DE MONFORTE TEMPORADA 2025 - 2026

BDNS (Identif.): 935298

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/935298)

1. OBJETO Y FINALIDAD DE LA CONVOCATORIA

El objeto de las presentes bases es regular el procedimiento mediante concurrencia competitiva, de ayudas económicas a deportistas individuales del Ayuntamiento de Monforte de Lemos que, como mínimo, participaran en el Campeonato de España, Campeonato de Europa o Campeonato del Mundo propio de la modalidad deportiva durante el período objeto de la presente convocatoria.

2. BENEFICIARIAS

Podrán beneficiarse de esta convocatoria los/las deportistas que cumplan los siguientes requisitos:

1. Que estén empadronados/as en el Ayuntamiento de Monforte de Lemos dentro del plazo de presentación de solicitudes y, como mínimo, desde el 1 de octubre año 2025.

2. Estar federados en alguna de las federaciones deportivas gallegas o españolas en el período para el que se solicita la ayuda, es decir, entre el 1 de octubre de 2025 y el 30 de septiembre de 2026, y que como mínimo participaran en el Campeonato de España, Campeonato de Europa o Campeonato del Mundo propio de la modalidad deportiva.

3. Tener participado, como mínimo, en tres pruebas o campeonatos de carácter oficial, de los cuales uno de ellos tiene que ser el campeonato de España, campeonato de Europa o campeonato del mundo.

4. Estar al corriente de las obligaciones tributarias con la Hacienda estatal y autonómica, así como estar al corriente de las obligaciones con la Seguridad Social y con el Ayuntamiento de Monforte.

5. Que no se encuentren incursos en ninguno de los supuesto de incapacidad o incompatibilidad para la percepción de ayudas o subvenciones públicas y no estar incursos/as en alguna de las prohibiciones para percibir subvenciones recogidas en la ley.

3. BASES REGULADORAS.

Pueden consultarse las bases reguladoras de la presente convocatoria en la siguiente dirección: www.monfortedelemos.es en la sección de SUBVENCIÓNS. Las entidades interesadas deberán presentar las solicitudes de acuerdo con los modelos normalizados que se facilitarán en el Registro general del Ayuntamiento de Monforte de Lemos, en los servicios sociales comunitarios o en la web www.monfortedelemos.es.

Anuncio publicado en: Num BOP 240 año 2026 (20/10/2026 08:00:00)

4. CUANTÍA.

Para la financiación de estas ayudas se destina un crédito de 10.000,00 €.

5. PLAZO DE PRESENTACIÓN DE LAS SOLICITUDES.

El plazo de presentación de solicitudes será de 10 días hábiles desde el día siguiente a la publicación del extracto de las bases en el Boletín Oficial de Lugo.

Monforte de Lemos, 14 de octubre de 2026.- El alcalde, José Tomé Roca.

R. 2828

BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIÓNSN (BDNS) - RIBADEO

Anuncio

SUBVENCIONS CONCORRENCIA DEPORTES 2026

BDNS (Identif.): 934884

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/934884)

Aprobadas por Resolución da Alcaldía Presidencia 2026-1837, as bases reguladoras da convocatoria pública de Subvencións Municipais do Concello de Ribadeo para o exercicio 2026 referente a AREA DE DEPORTES , faise público un extracto das mesmas así como a apertura de prazo para presentación de solicitudes, co seguinte teor:

Finalidade e obxecto.- A presente convocatoria ten por obxecto o establecemento de axudas económicas para que os interesados realicen as seguintes actividades: deportivas, e con carácter xeral, todas aquelas actividades de intereses para os veciños do concello que representen unha mellora da calidade de vida dos mesmos ou da cohesión social das áreas citadas.

A.- Categoría de axudas á actividade Deportiva/Competitiva.

Axudas destinadas a entidades deportivas do termo municipal de Ribadeo que desenvolvan actividades deportivas de carácter permanente que participan en competicións xa sexan federadas ou non, torneos ou eventos populares cuxa repercusión incida na promoción e na formación deportiva, con especial incidencia sobre a poboación escolar, maiores, poboación diversa e muller.

Estas axudas van dirixidas a entidades/clubs que non perciben subvención nominativa.

B.- Categoría de axudas para a organización de eventos deportivos.

Axudas destinadas a entidades deportivas do termo municipal de Ribadeo que desenvolvan eventos deportivos de carácter puntual na localidade e cuxa repercusión incida na promoción e a formación deportiva e con especial incidencia no deporte recreativo, deporte saúde, deporte autóctono e tradicional, deporte feminino e deporte adaptado.

Non poderán concorrer a estas axudas aqueles eventos que contasen ou conten tradicionalmente coa colaboración avaliable economicamente do Concello de Ribadeo

As subvencións obxecto desta convocatoria efectuaranse con cargo á partida 2026. 341.489.56 "Subvencións concorrencia deportes" por un importe máximo de 7900,00.

Destinatarios.- Poderán solicitar estas subvencións: as entidades e asociacións sen finalidade de lucro, domiciliadas en Ribadeo legalmente constituídas e inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións; as persoas físicas ou colectivos para iniciativas temporais de interese cidadán, sen ánimo de lucro, sempre que, en ambos casos, non teñan recoñecida subvención nominativa nos orzamentos municipais.

Excepcionalmente cando a actividade teña interese para o municipio, xa sexa de carácter social, económico ou humanitario, poderase conceder unha subvención a entidades foráneas, ou non inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións. A fundamentación de dito interese se acreditará mediante a achega dunha memoria o efecto

Procedemento e Prazo.- O prazo de presentación de solicitudes será de 15 días naturais a partir do día seguinte á publicación das presentes bases ou o su extracto nos diarios oficias correspondentes (BOP de Lugo e/ou DOG). Tomarase como data para inicio do prazo a da última publicación que se realice. O procedemento de concesión seguirase conforme ao artigo 22 da Lei de Subvencións de Galicia, con carácter abreviado, podendo presentarse conxuntamente a solicitude e a xustificación, de ser o caso.

Documentación a presentar.- A que figura na base 8ª das bases aprobadas pola resolución da Alcaldía, existindo modelos a disposición dos solicitantes na páxina web www.ribadeo.gal e nas oficinas municipais.

Xustificación.- O prazo de xustificación rematará, o 15 de Novembro de 2026, debendo presentar a documentación a que se refire o artigo 11 das bases.

Anuncio publicado en: Num BOP 240 año 2026 (20/10/2026 08:00:00)